

PROTOCOLO PARA A VOLTA AOS ADESTRAMENTOS

Protocolo establecido pola Sociedade Deportiva Villestro e revisado e autorizado polo Departamento de Deportes do Concello de Santiago

**Protocolo
AntiCOVID-19 dirixido
a país/nais/titores
dos xogadores/as da
S.D. Villestro**



Queridos pais/nais/titores/as:

Despois de sete meses parece que unha tenue luz se comeza a ativer ao fondo do túnel. Imos pasiño a paso cara ela pero extremando as precaucións que esta nova normalidade nos esixe.

Dende a S.D. Villestro levamos semanas traballando para adaptarnos ao novo protocolo que as Autoridades nos esixen para que os vosos fillos e fillas poida retomar os adestramentos.

Esta tempada será diferente para todos/as. Dende o Club sabémolo ben porque xa levamos moito tempo tentando adaptar todo ás esixencias sanitarias. Pero tamén será diferente para os rapaces/zas e sobre todos para vós, os seus pais, nais ou titores. Respectando sempre os dereitos e deberes fundamentais, todos e todas tamén tedes obrigas que cumprir nesta nova normalidade. Obrigas que unicamente van encamiñadas a salvagardar a saúde dos vosos fillos/as e de toda a familia. Unicamente por iso, rogamos o fiel cumprimento de todas elas.

Dende o Club, en colaboración co Departamentos de Deportes do Concello de Santiago, adaptouse un PROTOCOLO de actuación para que os vosos fillos/as poidan volver aos adestramentos. Haberá un protocolo exclusivo para os xogadores, que serán os únicos que poidan acceder ás instalacións, pero tamén haberá un protocolo que os pais/nais/titores/as deberedes cumprir de forma estrita, para que eles poidan gozar do seu deporte favorito sen prexudicar a ninguén.

Dende o Club entendemos que custará adaptarse a esta nova normalidade, pero agora é o que toca. O primeiro de todo é a saúde..., o

resto ven detrás. Nós tivemos que mudar e adaptarnos. Agora tócovos a vós. Agardamos a vosa colaboración e aceptación sen condicións das novas normas que vos indicamos na seguinte páxina.

Se todos facemos o que nos piden, pronto volveremos a vernos, saudarnos e abrazarnos!!



PROTOCOLO A TER EN CONTA POLOS PAIS/NAIS/TIROS PARA A VOLTA AOS ADESTRAMENTOS

1. Os horarios de adestramento son moi importantes, tanto na hora de inicio como á hora de recollida dos rapaces/zas, polo que **se roga puntualidade**.
2. Recoméndase que **antes de acudir ao adestramento se tome a temperatura corporal** do seu fillo/a.
3. **Se o fillo/a presenta algún síntoma compatible co COVID-19** (febre, tos, falta de aire), **non o debe levar ao adestramento**. Seguirá o protocolo establecido, recomendando chamar ao 061 e seguir os pasos que os técnicos sanitarios lles indiquen.
4. Se o seu fillo/a ten ou tivo síntomas compatibles co COVID-19, **unicamente poderá retomar os adestramentos presentando o informe de alta médica** correspondente á Coordinación do Club.
5. Recoméndase que lles teñan preparado aos rapaces/zas un miniset **co material hixiénico básico** (mascara de repostro e xel hidroalcohólico) para cada adestramento.
6. **Haberá dúas zonas de aparcamento previamente sinaladas e que coincidirán, por proximidade, cos campos de adestramento**. Deberán deixar ao seu fillo na zona de aparcamento indicada para que acceda ao recinto pola porta principal. É preferible que baixen os rapaces/zas solos para evitar aglomeracións. Cantos menos sexamos ás portas de entrada e saída mellor se gardará a distancia de seguridade e menos contactos haberá (ver plano anexo).
7. **Está totalmente prohibida a entrada de familiares ás instalacións**.
8. Recoméndase que os pais/nais/tiros **non fagan grupiños** de conversa no exterior das instalacións.
9. **Os adestramentos durarán tan só 1 hora**. Rógase puntualidade á hora de recoller aos seus fillos/as.
10. **Deberán recoller aos seus fillos/as na mesma zona de aparcamento que os deixaron**. Estes saíran pola porta de servizo lateral e máis próxima ao aparcamento. É preferible que non baixen dos seus vehículos e permanezan dentro deles para que non se produzan aglomeracións de xente á porta de saída e esta poida ser máis rápida e áxil (ver plano anexo).
11. Os rapaces serán acompañados polos adestradores á porta de saída para que non estean solos e poidan recoñecer os vehículos dos seus familiares.
12. **Non recoller aos rapaces/as na porta de saída** para evitar aglomeracións. Preferiblemente agarden nos seus vehículos a que cheguen os nenos/as.

POLO BEN DE TODOS/AS, É IMPORTANTE O RESPECTO POLAS NORMAS E O CUMPRIMENTO ESTRICTO DESTES REQUISITOS.

PROTOCOLO DE ACCESO E SAÍDA ÁS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DA BARROSA



- P Área de aparcamento
- Traxecto de acceso ás instalacións
(Farase pola entrada principal)
- Traxecto de saída das instalacións
(Farase polos portais de servizo lateral)

SOCIEDADE DEPORTIVA VILVESTRO

CIF G. 15478555

Lugar de Tras Igrexa nº 18 (Vilvestro), 15.896 Santiago de Compostela

e-mail: sdvilvestro@yahoo.es